

C.E.I.P. Plurilingüe A Gándara  
Monforte de Lemos  
01-06-2021

Ola!:

Somos o alumnado de 6º curso de primaria do C.E.I.P. Plurilingüe A Gándara de Monforte. Neste cole ensinamos castelán, galego e inglés, incluso, nas clases de plástica falamos en inglés. Case todos e todas comemos no comedor do colexio e a comida é riquísima.

Este curso, ademais das asignaturas normais, traballamos en varios proxectos. Estudamos o río que pasa por Monforte para o que lle fixemos varias visitas, nas que analizamos a auga e observamos varias especies de insectos que son indicadores da pureza das súas augas. Fixemos unha recollida selectiva do lixo de todas as aulas todos os días despois de comer.

Colocamos e enchemos dous hoteis ou casinas para que insectos beneficiosos para o xardín e a horta pasen o inverno quentiños.

É a semana que ven faremos unha xornada de convivencia nun paseo ata a parroquia de Seoane coa nosa profe Gloria e comeremos alí, no campo. Porque o noso colexio está situado nos arredores de Monforte de Lemos que é unha pequena cidade coroada por un castelo medieval e moitos mais lugares

preciosos e importantes, para descubrir.

Esperamos a vosa carta con impaciencia.

Un saúdo de toda a clase.

Gloria      Beky      ~~Isas~~      Elyen      Emelios  
Manuel      ~~Samuel~~      ~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~      ~~Rodrigo~~  
Borja      ~~[scribble]~~      Alicia      ~~[scribble]~~      Ines      ~~[scribble]~~  
~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~  
~~[scribble]~~      ~~[scribble]~~



MANUEL

AROA

IVÁN

ANA

JAVIER

BEKY

ANTÍA V.

SHERLY

ILDUARA

ANTÍA S.

BORJA

EMILIO

IAGO

ANXO

AREA

INÉS

LOLA

ALICIA

LANA

RODRIGO

EFREN

CEIP A GÁNDARA

MONFORTE

6º EP